

PROCEDEMENTO : TR349V. PROGRAMA INVESTIGO.
Nº EXPEDIENTE : TR349V-2023-00000176-00
SOLICITANTE : UNIVERSIDADE DA CORUÑA
ASUNTO: RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA AXUDA

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data **01/02/2023**, **UNIVERSIDADE DA CORUÑA** presenta solicitude de axuda ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas, destinadas ao financiamento do Programa Investigo, de contratación de persoas mozas demandantes de emprego na realización de iniciativas de investigación e innovación, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2023 (código de procedemento TR349V).

Achégase coa dita solicitude a documentación esixida na orde de convocatoria.

Solicítase o seguinte tipo de axuda:

PERSOAL E SUBVENCIÓN SOLICITADA									
Nº	Grupo de cotización	Centro traballo (denominación)	Provincia	Categoría laboral	Tipo de iniciativa	Especificar OUTR A iniciativa	Custos salariais	Módulo aplicable	Importe da axuda solicitada
1	Grupo 1	SERV INVESTIGACIÓN (VIC.INV)	A Coruña	TECNOLOGO	Digital		33.108,84	MÓDULO B	33.108,84
2	Grupo 5	VICEX INVESTIGACIÓN E AAEE I	A Coruña	TECNOLOGO	Digital		22405,92	MÓDULO A	22405,92
3	Grupo 1	INSTITUTUO DE XEOLOXIA	A Coruña	TECNOLOGO	Empleo Verde		33.108,84	MÓDULO B	33.108,84
4	Grupo 1	INSTITUTO DE MEDIO AMBIENTE	A Coruña	TECNOLOGO	Empleo Verde		33.108,84	MÓDULO B	33.108,84
5	Grupo 5	CITIC	A Coruña	TECNOLOGO	Digital		22405,92	MÓDULO A	22405,92
6	Grupo 1	CITENI	A Coruña	TECNOLOGO	Digital		33.108,84	MÓDULO B	33.108,84
7	Grupo 1	CICA	A Coruña	TECNOLOGO	Empleo Verde		33.108,84	MÓDULO B	33.108,84
8	Grupo 1	CITEEC	A Coruña	TECNOLOGO	Digital		33.108,84	MÓDULO B	33.108,84
9	Grupo 5	SERV INVESTIGACIÓN (VIC.INV)	A Coruña	TECNOLOGO	Digital		22405,92	MÓDULO A	22405,92



TOTAL CUSTOS SALARIAIS	TOTAL MÓDULO A		TOTAL MÓDULO B		TOTAL SOLICITUDE	
	Nº CONTRATOS (A)	IMPORTE AXUDA (A)	Nº CONTRATOS (B)	IMPORTE AXUDA (B)	Nº CONTRATOS (TOTAL)	IMPORTE DA AXUDA SOLICITADA (TOTAL)
265870,80	3	67217,76	6	198653,04	9	265870,80

SEGUNDO.- Na tramitación do presente expediente observáronse todos os requisitos e prescricións legais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A competencia para ditar esta resolución correspóndelle, por delegación da persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, desta Secretaria Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social para coñecer e resolver a presente solicitude vén determinada pola disposición adicional terceira da Orde do 26 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas, destinadas ao financiamento do Programa Investigo, de contratación de persoas mozas demandantes de emprego na realización de iniciativas de investigación e innovación, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2023.

SEGUNDO.- Logo da correspondente fiscalización e dado que a solicitude se presentou en prazo hábil e cumpre todos os requisitos e condicións esixidas na orde de convocatoria para o tipo de axuda que se solicita, procede conceder a subvención, na contía e polo concepto que se indica na parte dispositiva.

TERCEIRO.- Esta subvención está financiada con fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aprobado polo consello de Ministros de 27 de abril de 2021 e avaliado favorablemente pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021, Plan que se encadra no Mecanismo de recuperación e Resiliencia establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021.

Unha vez vistos os preceptos citados e demais de xeral e pertinente aplicación,

ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder a **UNIVERSIDADE DA CORUÑA** a axuda para o Programa Investigo, na contía e polo concepto que a continuación se indica:

Subvención para a contratación de 9 persoas mozas desempregadas en xornada laboral a tempo completo, por un importe de **265870,80 euros**, de acordo co seguinte desglose:



PERSONAL E SUBVENCIÓN SOLICITADA									
Nº	Grupo de cotización	Centro de trabajo (denominación)	Provincia	Categoría laboral	Tipo de iniciativa	Especificar OUTRA iniciativa	Custos salariais	Módulo aplicable	Importe da axuda solicitada
1	Grupo 1	SERV INVESTIGACIÓN (VIC.INV)	A Coruña	TECNOLOGO	Digital		33.108,84	MÓDULO B	33.108,84
2	Grupo 5	VICEX INVESTIGACIÓN E AAEE I	A Coruña	TECNOLOGO	Digital		22405,92	MÓDULO A	22405,92
3	Grupo 1	INSTITUTO DE XEOLOXIA	A Coruña	TECNOLOGO	Empleo Verde		33.108,84	MÓDULO B	33.108,84
4	Grupo 1	INSTITUTO DE MEDIO AMBIENTE	A Coruña	TECNOLOGO	Empleo Verde		33.108,84	MÓDULO B	33.108,84
5	Grupo 5	CITIC	A Coruña	TECNOLOGO	Digital		22405,92	MÓDULO A	22405,92
6	Grupo 1	CITENI	A Coruña	TECNOLOGO	Digital		33.108,84	MÓDULO B	33.108,84
7	Grupo 1	CICA	A Coruña	TECNOLOGO	Empleo Verde		33.108,84	MÓDULO B	33.108,84
8	Grupo 1	CITEEC	A Coruña	TECNOLOGO	Digital		33.108,84	MÓDULO B	33.108,84
9	Grupo 5	SERV INVESTIGACIÓN (VIC.INV)	A Coruña	TECNOLOGO	Digital		22405,92	MÓDULO A	22405,92

TOTAL CUSTOS SALARIAIS	TOTAL MÓDULO A		TOTAL MÓDULO B		TOTAL SOLICITUDE	
	Nº CONTRATOS (A)	IMPORTE AXUDA (A)	Nº CONTRATOS (B)	IMPORTE AXUDA (B)	Nº CONTRATOS (TOTAL)	IMPORTE DA AXUDA SOLICITADA (TOTAL)
265870,80	3	67217,76	6	198653,04	9	265870,80

SEGUNDO.- A entidade beneficiaria no prazo de dous meses, computado desde a finalización das contratacións, presentará telematicamente ante a Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social a xustificación do cumprimento das actuacións subvencionadas e dos gastos realizados, mediante o réxime de módulos de acordo ao previsto nos artigos 52 a 55 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei , de acordo co establecido no artigo 20 da orde de convocatoria.

TERCEIRO.- Segundo o artigo 19.5 da orde de convocatoria os contratos deberán dar comezo antes do 15 de marzo de 2023. Ante a imposibilidade de compatibilizar este prazo co cumprimento do previsto no parágrafo 1 do mesmo artigo, amplíase o prazo para dar comezo os contratos ata o 28 de abril de 2023, de acordo coa Resolución do 7 de marzo de 2023, da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social. A



entidade beneficiaria comunicará á Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social o inicio dos contratos no prazo de cinco días hábiles desde o mesmo, con indicación do número de persoas traballadoras desempregadas contratadas e presentará a autorización para a consulta automática dos datos das persoas contratadas, segundo modelo recollido no anexo IV da orde, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta, en cuxo caso a entidade beneficiaria deberá aportar a documentación xustificativa correspondente (artigo 19.7 da orde de convocatoria).

CUARTO.- Lémbbraselle á entidade beneficiaria o necesario cumprimento das obrigas recollidas nos artigos 21, 22 e 24 da orde de convocatoria.

QUINTO.- Condicións derivadas do financiamento polo Plan de Reconstrución, Transformación e Resiliencia:

As subvencións reguladas nesta orde estarán sometidas ao seguimento, control e avaliación que se estableza para o Plan de Reconstrución, Transformación e Resiliencia, así como ás obrigas específicas relativas á información e publicidade, control, verificación, seguimento, avaliación e demais obrigas impostas pola normativa interna e da Unión Europea que para o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE se establezan e cuxa aplicación sexa de obrigado cumprimento.

SEXTO.- De acordo co disposto no artigo 5.4 da orde de convocatoria, as subvencións reguladas na presente orde serán incompatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entidade, pública ou privada.

Notifíquese esta resolución á entidade beneficiaria, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa e contra ela cabe formular recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses que comezará a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; así mesmo, con anterioridade e con carácter potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición*, no prazo dun mes que comezará a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ante esta Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, todo iso de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Covadonga Toca Carús

Secretaría xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social

*(*Para a presentación do recurso de reposición, lembre que ten dispoñible na Sede electrónica, dentro da pestana "acción" a opción, "Recurso de reposición".)*

